

O Porriño adquire un local para aula da UNED

Páxina 2

O goberno de Salceda recorre á Xustiza para invalidar o voto dun concelleiro do PP

Páxina 8

O IES Terra de Turonio mostra a súa actividade

Páxina 9

Tomiño cede o uso da radio online "Mocidade" ao IES Antón Alonso Ríos

Páxina 13

A Guarda dotará ao Centro Cultural de iluminación ornamental

Páxina 15



## A II ruta Bocaselas prevé vender máis de 10.000 bocadillos en tres fins de semana

Páxina 6



GASOLEOS

**TEA** S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:

**CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN**

**SERVICIO A DOMICILIO**



**PONTEAREAS** | 986 66 13 90  
986 66 13 89

**A GUARDA** | 986 61 43 61





## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## O Concello adquire un local para aula da UNED

O Concello de Porriño vén de adquirir esta semana un local de 260 metros cadrados na rúa Fernández López, nº 2 para radicar a aula da UNED nesta vila, dando cumprimento ó acordó plenario adoptado pola Corporación Municipal en maio de 2018.

A alcaldesa Eva García de la Torre firmou nunha notaría da cidade a escritura de compra-venda o pasado martes 16. O importe da operación é de 276.342 euros.

O Concello afrontou ese desembolso a través dunha operación de tesorería despois de vender varias parcelas municipais. “A opción do aluguer dese

local desestimouse pola previsible permanencia no tempo das actividades que vanse desenrolar nese local e ademais fronte á posibilidade de adquirir patrimonio para o Concello”, manifestou a alcaldesa de Porriño.

“A elección deste local en rúa Fernández López responde a a súa ubicación estratéxica, ó carón do Centro Cultural Municipal e da Biblioteca o que permite un mellor aproveitamento e sinerxias entre eles e tamén ó mandato do acordo plenario que demandaba que fose un local no centro do cosco urbano” suliñou Eva García.

Conforme ás xestións realizadas polo Concello coa dirección da UNED e cos presi-

dentos dos Polígonos Industriais de Porriño, a futura aula comprenderá o curso de acceso a maiores de 25 anos á Universidade así como o establecemento de cursos de formación e capacitación para prácticas en empresas.



## Máis de 40 traballadores incorporanse á plantilla municipal grazas á subvención da Deputación

Perto de 40 traballadores contratados por catro meses grazas á subvención outorgada a Porriño pola Deputación Provincial ó abeiro do Plan Concellos 2019, están a reforzar á plantilla municipal.

Trátase de contratacións da chamada “Liña 3” do antedito Plan Concellos adicada a “Emprego para a conservación e funcionamento dos bens e servizos municipais”.

A coantía da subvención que recibe o Concello de Po-

riño é por un importe de 254.058 euros.

Os postos solicitados e que se cubren son moi diversos. Dende unha auxiliar de enfermería para a Unidade de Atención a Drogodependentes; dúas prazas de conserxes, varias de oficiais de electricidade, fontanería e outros servizos do departamento de obras municipais, pasando por dous técnicos de arquivo e ata 21 prazas para peons de limpeza, traballos forestais e obras.

## Patrimonio desbloquea a reconstrucción da capela de San Campio

A alcaldesa do Porriño vén de recibir notificación da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia que comunica que levanta a cautela que establecera meses antes e que, polo tanto, por fin autoriza a reconstrucción da capela de San Campio, na parroquia de Pontellas.

Deuse a coincidencia de que o Concello de Porriño recibiu a notificación de Patrimonio xusto na mesma tarde que ocorría o gravísimo lume que afectou onte a catedral parisina de Notre Dame. Como no caso do templo francés, en Pontellas a

capela de San Campio resultara gravemente afectado por un lume que se declarou na tarde do 16 de xullo do ano pasado, en plenas festas patronais. As lapas destruíron o teito e a estrutura interior da capela e tamén bancos e algunhas das tallas religiosas.

Eva García agarda que as obras poidan acometerse o máis cedo posible para o que comprometer o proxecto de reconstrucción que financiou o Concello de Porriño que ademais aporta unha subvención de 50.000 euros que xa comprometera a alcaldesa cos vecinos



e o párroco de Pontellas.

A ermita de San Campio, datada en 1838, “ten un valor moi importante para o patrimonio cultural e histórico de Porriño polo que a súa recuperación resulta primordial para este goberno municipal”, sinalou Eva García.

## Aberta a inscrición para o Triatlón Concello do Porriño

O Concello de Porriño, a través da Concelleira de Deportes e coa colaboración do Concello de Tui, pon en marcha a vindeira edición do Triatlón Concello de Porriño que terá lugar, dentro de dous meses, o sábado 8 de xuño.

Trátase da sexta edición da proba posto que en 2018 non chegou a celebrarse polo terrible suceso de Paramos, en Tui. A organización decidiu suspender ó atoparse Tui de loito oficial e máxime sendo este concello o punto de partida da Triatlón coa proba de

natación no río Miño.

Polo tanto doce meses despois o Triatlón Concello de Porriño retorna coas forzas renovadas. A organización está cos preparativos da proba que será oficialmente presentada o 24 de maio, nun formato novedoso.

O prazo de inscrición xa está aberto. Podese consultar e tramitar a través da páxina web [triatlonconcelloporriño.com](http://triatlonconcelloporriño.com) que dispón dun enlace para o formulario de inscrición on line coa Federación Galega de Triatlón (FEGATRI).

Por Guillermo Rodríguez

Eva Garcia de la Torre, alcaldesa e candidata do PSOE á alcaldía do Porriño

## “Gustaríame que a política en Porriño fora menos cainita e máis proactiva”

*“Eu son abogada de profesión dende hai 24 anos en exercicio e alcaldesa de Porriño dende 2015. Milito no PSOE dende o ano 2004. En 2011 a Agrupación Socialista de Porriño propuxome formar parte da lista das eleccións municipais. Semellaba un bo momento para dar ese paso. Aínda que logo souberamos que fose o peor momento para o PSOE cando*

*perdera a meirande parte do poder territorial despois daqueles comicios. Ia de número 2 e sacamos dous concelleiros. E para as seguintes eleccións, o partido nomeoume secretaria xeral da Agrupación Socialista de Porriño cun 90% de votos da militancia e nominada en 2015 candidata á Alcaldía de Porriño, obxectivo que acadamos”*

### -Retirada de competencias ós concelleiros de UDDL

“Tiñamos un acordo de goberno e eu coma alcaldesa teño loitado moitísimo para levarlo ata o final. Pero hai circunstancias e comportamentos que non podes pasar por alto permanentemente. Nunha coalición é fundamental a confianza. Cando non é fiable, cando atopas que están a poñer trampas e zancadillas e cando tes probas fehacientes da deslealdade ou que están a argallar unha posible moción de censura, mirar para outro lado o único que che pode producir é unha torticulis e perder a visión periférica que é tan necesaria para a responsabilidade dunha alcaldía. Polo tanto tiveron que tomar unha decisión valiente e tirar para adiante”.

### -Principais atrancos no seu labor de goberno

“A tarefa de goberno que nos tivemos que facer é practicamente heroica pola cantidade de resistencias e atrancos que atopamos. Dende falta de persoal administrativo reflectido por exemplo en non ter cuberta a praza de Interventor e soportar que ese posto fose ocupado accidentalmente ata por catro funcionarios diferentes.

Ata soportar as dificultades legislativas impostas pola Lei de Sostibilidade e os numerosos atrancos políticos que nos puxeron. Todo iso fixo que tiveramos que facer unha acción de goberno a salto de mata e moi voluntarista. Se os porriñeses teñen algo moi claro é que teñen unha alcaldesa moi valiente que asume compromisos e cumpre a pesar das dificultades”

### -Aínda sen maioría qué medidas puido aprobar e destacaría

“Pois a pesar das enormes dificultades de gobernar en minoría estou especialmente orgullosa de ter aprobado o Orzamento Municipal de 2018, despois de moita negociación e consenso. E a pesares diso, tivemos que soportar a abstención do BNG. Non obstante fomos quen de darlle resposta ás necesidades reais da xente, especialmente en áreas desatendidas polos gobernos do PP como servizos sociais que agora dispoñen dunha dotación orzamentaria moi importante. Poño como exemplo a Axuda a Domicilio onde aumentamos a partida en 800.000 euros o que indica a sensibilidade do meu goberno no eido social. Tamén estamos a realizar un

importante esforzo orzamentario na mellora das instalacións de todos os colexios, a pesar de non ter as competencias porque é a Xunta de Galicia a titular dos centros de ensino, pero entendimos que era nosa obriga defender o principio de igualdade contribuíndo a axeitar os centros docentes de Porriño. Do mesmo xeito estamos a realizar un enorme esforzo financeiro para mellorar as instalacións deportivas e ampliar a dotacións económicas que damos ós clubs. En suma ter feito de Porriño un sitio moito máis vivible, máis alegre, menos oscurantista; un concello que está a ser referencia de crecemento demográfico e económico tanto na provincia coma no resto de Galicia. En suma: coido que estamos a facer unha xestión moi multidisciplinar que permite que poidamos ir coa testa ben alta. Somos tan só catro no goberno municipal e temos feito unha auténtica revolución”.

### -Qué outras cousas querría ter aprobado neste mandato

“Gustaríame que a política en Porriño fose menos cainita e máis proactiva cando estamos a procurar solucións para a veciñanza. Por exemplo: in-



tentamos crear un Consello Escolar Municipal, un órgano de interlocución moi necesario para dar demanda a moitas necesidades que nos trasladan as ANPAS e canalizalas cara á Xunta de Galicia que é quen ten as competencias. Pois por miopía política votouse unha vez e outra que “non” cando levamos a proposta ós plenos municipais. Polas mesmas trabas, dame tamén moita pena non ter comprado un solar para o auditorio que Porriño tanto demanda ou non poder facer modificacións puntuais do PXOM que melloraría as expectativas tanto de chan residencial coma de uso comercial para Porriño. E a resultas dese cortoplacismo fastidiáanse todos os veciños pois estamos a ver que Lidl, Mercadona, Leroy Merlin, Gadis, Burger King e outros non se establecen en Porriño senon en Mos, un concello que nin ten trama urbana nin cor en comparación con Porriño. Ademais das consecuencias fiscais e de outra índole que tén

para a nosa cidade”.

### -Con qué animos afronta unha nova legislatura

“Eu pediréi ós cidadáns de Porriño que cando vaian a depositar o seu voto o 26 de maio que lembren. Como eran as cousas antes, coa dereita, e como son agora con nós. Qué fagan memoria de cómo se xestionaban as listas de desemprego ou de cómo eran as festas; de cómo se trataba á xente, que as parroquias lembren como eran atendidas antes e agora; dos quilómetros de saneamento, da limpeza e da atención que están a recibir. E digo: non hai cor de cómo era este Concello e como é hoxendía. Teñen en mín unha alcaldesa que é humilde, que recibe á xente; que coñece os problemas e que ten empatía e un sorriso para todos eles. Coido que se a veciñanza ten en contra todo isto, estou segura que nos acadaremos a maioría. Agardo verme coa responsabilidade de formar un goberno respaldado cunha maioría suficiente”.



## LOURIÑA

Por Guillermo Rodríguez

Pedro Pereira , candidato do BNG á alcaldía do Porriño

## “Ter participado en gobernos anteriores aporta experiencia e coñecemento para non errar”

*Pedro Pereira Fernández, Técnico especialista en electrónica de comunicacións. Entrou por primeira vez na corporación municipal en decembro de 1997. Foi concelleiro de urbanismo, patrimonio, vías e obras e servizos no goberno do BNG dende 2003 ate o xaneiro de 2010 e é na actualidade o portavoz municipal do BNG do Porriño.*

**-Vde. xa estivo no goberno do Porriño. Actualmente está na Oposición. Por qué non entrou no equipo de goberno? Ou nunca llelo propuxeron?**

Entrar ou non no goberno, para min non é unha decisión persoal e unha decisión colectiva. O BNG estaba disposto a entrar nun goberno. Mais o que non aceptamos é que o PSOE viñese a falar co BNG xa cun acordo pechado coa dereita escindida do PP. Dúas persoas que formaron parte activa na moción de censura contra o BNG no 2010 pondo fin ao mellor goberno que tivo o concello nos últimos 30 anos, non é que diga eu, é que hoxe en día o recoñece a xente do Porriño. Ademais o PSOE só tiña unha unha ambición, ao marxe de calquera proxecto político para o Porriño, colocar na alcaldía a primeira muller socialista, que é lexítimo. Pero para min e para o BNG era mais importante a coherencia e a ética, e por suposto acordar un goberno en base a un proxecto político que cambiase a forma de gobernar. Non puido ser porque o Eva García tiña outras prioridades.

**-Por que Vde. non apoya á Alcaldesa coñecendo os problemas de Porriño por ter sido membro de gobernos anteriores?**

Non é cuestión de apoiar a alcaldesa ou non. O BNG o que valora son as propostas e en función das mesmas vota a

favor ou non. Apoiamos moitas iniciativas do goberno e moitas que presentamos nos tamén saíron adiante mais logo a súa execución non sempre se cumpriu por parte do goberno. Estivo a Alcaldesa ate o 2018 dicindo que o Porriño non tiña orzamentos porque a oposición os bloqueaba. E non era certo. Nunca presentou un orzamento a debate neses anos. Cando o fixo, que foi a principios do 2018, o BNG revisou, valorou a proposta, propuxo emendas porque consideraba que eran mellorábeis e chegouse a un acordo, aprobándose o orzamento no mes de marzo. Pero logo, a Alcaldesa mantendo a tónica de incumprimentos non materializou os acordos asinados co BNG.

Ter participado en gobernos anteriores aporta un coñecemento dos problemas que ten o labor municipal e mais nun goberno en minoría. Pero tamén aporta a experiencia para ver que a forma de gobernar que escolleu a Alcaldesa recorrendo a confrontación e imposición en vez de optar pola negociación non foi o mellor camiño para atender as necesidades do Porriño nin as demandas da xente.

**-Díganos que cinco proxectos concretos vde. sí podería aprobarlle á Alcaldesa de seren presentados’**

Nas emendas dos orzamentos hai varios proxectos e o goberno non os levou a cabo. Digo unha vez mais. Non é

cuestión só de aprobar ou non propostas. E preciso ter a vontade logo de executalas.

Mercar terreos no entorno do río louro para ir ampliado o espazo público para que o Porriño conte cunha gran área verde e de ocio é necesario. Fixar un Plan de prioridades para acondicionar os camiños das parroquias é imprescindible para non caer na arbitrariedade. Apostar por seguir gañando no centro urbano espazo aos coches a favor dos peóns continuando coa peonalización débemolo ter presente. Mais isto ten que ir acompañado doutra iniciativa que habilitar espazos ou construír aparcadoiros na parte sur do Porriño para. A maiores destes hai moitas iniciativas ben sexa no ámbito da cultura, de servizos públicos como xestión de residuos ao saneamento ou na ámbito social que hai que atender. Mais non todo son investimentos. Débese racionalizar o gasto ordinario e ter mais control na contratación de servizos. Este goberno recorreu demasiadas veces a procedementos irregulares en contratos menores de obras e servizos que levou ao concello a estar na actualidade cuns importes pendentes de pago alarmantes, mais de catro millóns de euros.

**-Se consegue a Alcaldía que proxectos serían postos en marcha de maneira inmediata?**

Debemos priorizar, no que



respecta aos investimentos, aqueles que son estruturais como rematar a construción da rede saneamento en todas as parroquias en colaboración con outras administracións. Acondicionar a rede viaria do concello na súa totalidade realizando unha auditoría da situación das mesmas e aprobar un plan de prioridades. Estructurar os departamentos de obras e servizos é imprescindible para prestar servizos públicos de calidade e recuperando a xestión directa de forma progresiva en función dos condicionantes doutras administracións. A aprobación do PXOM debe axilizarse porque o actual é do 2003 e está desfazado con respecto a lei actual do solo e ás necesidades do Porriño

**-En Porriño non houbo maioría para gobernar e polo tanto supoñemos quedarían proxectos importantes sen tratar nin aprobar. Díganos cales son os máis importantes?**

A importancia, ao meu entender, é relativa e está en función do grado de demanda dos distintos colectivos aos que afecte ou a prioridade que demandas das veciñas e dos veciños do concello.

Non quixera reiterar, pero xa mencionei varios proxectos e iniciativas de importancia para o BNG. Pero non quixera

deixar de lado aspectos que si son importantes para o BNG, que son cousas que parecen sinxelas pero marcan unha forma de gobernar: É de vital importancia que un goberno estableza canles de comunicación e coordinación con todo asociativo veciñal. Aprobar un regulamento de participación cidadá e dentro deste estruturar a creación de distintos Consellos sectoriais como; o Consello da Cultura, Consello do Deporte ou da muller entre outros débese facer dentro do primeiro ano de exercicio.

**-De ser necesaria a súa colaboración para gobernar estaría disposto a entrar o goberno local? En que condicións?**

O BNG, e polo tanto eu, non entra nun goberno para colaborar con ninguén. Si entramos nun goberno será porque hai un acordo sobre un programa. E nos trataremos de que ese programa se cumpra. Pero como iso vai estar en función dos resultados, quero ser prudente esperar a ver que acontece o día 26 de maio. O BNG no Porriño presenta unha candidatura integrada por persoas con experiencia de goberno e tamén con persoas con formación para asumir responsabilidades públicas coa única vocación de defensa dos servizos públicos.

Por Guillermo Rodríguez

Alejandro Lorenzo, candidato polo Partido Popular á alcaldía de O Porriño

## “A miña prioridade é facer unha auditoria no Concello para que se coñeza toda a verdade”

Alejandro Lorenzo pertence á familia “Caroca”, ten 43 anos e é porriñés de nacemento. Hai 12 anos comezou traballar na política sendo elixido Alcalde Pedáneo da parroquia de Chenlo nas eleccións municipais de 2007; nas que ía tamén como número 3 da lista do Partido Popular entrando na oposición á corporación do Concello do Porriño, para despois ser concelleiro de Emprego, Formación, Festas, Deporte, Novas Tecnoloxías, Patrimonio e Xuventude.

Nas eleccións de 2011 volta a ser elixido Alcalde Pedáneo e como número 3 da lista do

Partido Popular, novamente, exerce toda a legislatura como Concelleiro de Emprego, Formación, Festas, Deporte e Novas Tecnoloxías. En 2015 consegue o seu terceiro mandato como Alcalde Pedáneo e tamén como número 3 co Partido Popular e entra na oposición ao goberno municipal.

No 2017 é elixido Presidente do Partido Popular do Porriño e crea, cun novo equipo, o proxecto “Empuxe 19” que leva preparando dende esa data co obxectivo de ser Alcalde do Porriño nas vindeiras eleccións do 26 de maio.



**-O seu partido gobernou no Porriño durante moito tempo. Nos últimos anos tornáronse outras opcións políticas no goberno local. Pensa que chegou o momento de volta ao poder?**

Non se trata de Poder senón de dar servizo á veciñanza, traballando por eles. Trátase de dedicación, comunicación, e axuda na busca do ben común. Valores que nos últimos catro anos de desgoberno do Concello de Porriño destacaron pola súa ausencia. Coa desgraza dunha Alcaldesa, posta por catro partidos (PSOE, UDDL, BNG e EU-SON) que agora que ven o desastre no que converteu a nosa vila, desenténdense dela.

Nos últimos catro anos no Porriño o único que se fixo foi acumular débeda para as arcas municipais, con facturas rexeitadas e logo admitidas, con facturas fraudulentas de ser-

vizos non recibidos e así suma e segue. O peor é que a vida no Porriño quedou parada e perdeu pulo totalmente.

Por iso digo que “Chegou o momento de reconstruír O Porriño” porque a veciñanza merece que se lle respecte e que poidan gozar da riqueza que se xera neste territorio, co seu traballo. En definitiva que se invista en melloras que repercutan en elevar a calidade de vida no Porriño.

**-A vida local de Porriño viuse salpicada de cousas desagradables que afectaron á boa imaxe do Concello. Pensa que se debera establecer unha especie de “amnistía local” entre as distintas opcións políticas para non “emporcallar” a vida política e así centrarse no que os veciños esperan dun goberno local?**

Calquera persoa que se de-

dique á política e que faga as cousas mal, non pode estar ao servizo da veciñanza. Porque se fixeron algo ilegal, prexudicaron á xente do Porriño e terán que render contas por iso.

A miña prioridade no programa é facer unha auditoría das contas no Concello do Porriño para que se saiba a verdade da xestión dos últimos catro anos e se comprobe a facturación irregular e manipulada que viu facendo a Alcaldesa e os seus socios para o seu beneficio persoal nesta legislatura.

**-Que proxectos dos realizados nos últimos anos vde. non apoiaría de ser alcalde e cales cre seguen no tinteiro?**

Realmente houbo poucos proxectos realizados. Gastouse o diñeiro en vez de investilo, co prexuízo que supón para todas as persoas que viven no Porriño. Ademais de que a única her-

danza que teremos da nefasta xestión de Eva García de la Torre e de Manuel Carrera é a débeda de case 6 millóns de euros, que hipotecará ao Concello nos próximos anos.

Por outra banda, algúns dos proxectos populares que se continuaron a facer como a festa anterior ao fin de ano e outros viñan de realizarse na anterior legislatura. Así que despois destes últimos catro anos perdidos, tirados ao lixo, está nas nosas mans facer O Porriño mellor.

**-De non conseguir maioría absoluta para poder gobernar só cos seus concelleiros con quen estaría disposto a pactar?**

Aspiro á maioría absoluta para poder gobernar con plena responsabilidade e cumprir o programa que presentamos completamente. Quen me coñece sabe ben que son unha persoa de palabra e que traballarei arreo para conseguir: primeiro sanear as contas do Concello

mentres preparamos os proxectos e os orzamentos para comezar un novo Porriño e segundo para conseguir novos investimentos para o noso Concello.

O elevado número de partidos que concorren ás eleccións municipais de maio, pode crear outros escenarios posibles nos resultados. Está nas mans da veciñanza que é a verdadeira protagonista, confío en que a xente saberá elixir o mellor para O Porriño.

**-Describe esquematicamente os cinco proxectos máis importantes que vde. poría en marcha de chegar ao Poder e ter apoios suficientes.**

Creación e execución inmediata dun novo Plan de Emprego ; Planificación, proxección e construción dun Auditorio modular , Saneamento e servizos para todas as parroquias ; Reformas e melloras en todos os centros educativos do Porriño ; Humanización do Paseo do Louro con carril bici.



**ALFESO**  
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03



## LOURIÑA

## SALCEDA DE CASELAS

## A II ruta Bocaselas prevé vender máis de 10.000 bocadillos en tres fins de semana



O Concello de Salceda de Caselas xunto con 14 locais hostaleiros do municipio veñen de presentar a II edición do Bocaselas, a ruta de bocadillos do municipio, que se celebrará os venres e os sábados entre o 26 de abril e o 11 de maio (ambos incluídos). Establécense dúas rutas diferenciadas: unha para os venres e outra para os sábados, con sete establecementos participantes en cada un dos días.

A iniciativa busca a consolidación tralo éxito da pri-

meira edición celebrada o pasado ano, na que se venderon máis de 12.000 bocadillos. Os bocadillos terán un prezo de 1,50 €, podendo acollerse en tódolos locais á oferta "bocatin + caña a 2,50 €".

Concello e sector hostaleiro van da man convencidos de que o público de Salceda e arredores volverá dar unha resposta positiva, e tamén por iso se prevén premios para as persoas que degusten os bocatas en varios establecementos, e que entrarán no sorteo de vales de compra

para consumir nos locais.

Loli Castiñeira, Concelleira de Comercio e Turismo, presentou o evento como una importante iniciativa para dinamizar o pobo e sobre todo os establecementos hostaleiros. "Pensamos en seguir organizando este tipo de eventos que apoiem ao comercio local, neste caso á hostalería. O Concello plantexou a iniciativa e estamos moi satisfeitos coa acollida que tivo por parte dos diferentes establecementos e coa colaboración obtida dende o primeiro momento".

## Máis de 800 participantes na VII Corre X Salceda do vindeiro 5 de maio

O vindeiro domingo 5 de maio Salceda de Caselas acollerá a VII edición da carreira popular que cada ano percorre o municipio, organizada pola Concellaría de Deportes en colaboración coas Escolas Deportivas.

Baixo o nome "Corre X Salceda", a proba servirá para que os participantes poidan coñecer os espazos naturais de Salceda, así como os diferentes tramos de sendas polos Ríos Caselas, Lagoela e Landres.

Para a categoría absoluta, con saída ás 10:30, os/as participantes poden elixir entre facer 5 ou 10 km. Os/as nacidos/as entre 2004 e 2006 terán un circuito de 2.500 metros, 1.000 metros para os/as nacidos/as entre 2.007 e 2.009, 500 metros para os/as nacidos/as entre 2.010 e 2.012, 150 metros para a categoría "Pitufos A", que engloba aos nenos e nenas nacidos entre 2.013 e 2.015,

e 100 metros para os "Pitufos B", nacidos en 2.016 e 2.017. Todas as categorías realizarán a súa saída dende a Praza do Concello. Ademais, no caso das categorías inferiores, todas elas contan con un percorrido accesible para persoas con mobilidade reducida.

Atletas chegados/as dende toda a xeografía galega teñen confirmado xa a súa presenza nesta proba, que cada ano está contando con máis de 800 participantes. Para poder inscribirse pódese facer a través da páxina [www.deportesalceda.gal](http://www.deportesalceda.gal), aboando unha cuota de 7 euros para as categorías absolutas, e coa aportación de produtos de desaiuno para o Programa de Alimentos Municipal as categorías inferiores. Os dorsais poderanse recoller o venres 3 no Decathlon de Puxeiros, o sábado 4 no Pavillón de Deportes de Altamira e o mesmo domingo 5 no Auditorio Municipal.

## Movemento Salceda presenta a lista para as municipais

A Asemblea Xeral de Movemento Salceda ven de ratificar por unanimidade a candidatura coa que a formación política concorrerá ás eleccións municipais o vindeiro 26 de maio e coa que espera revalidar o Goberno que leva exercendo dende o ano 2007. A totalidade das persoas asistentes á asemblea deron o seu visto bo á candidatura, que estará formada por 23 persoas, 13 titulares e 10 suplentes, o máximo permitido no caso do Concello de Salceda de Caselas.

O alcalde Marcos Besada estará acompañado no número dous pola actual tenente de

alcalde Loli Castiñeira, que repite posto, e incorpora no número 3 a Alex Rodríguez, que xa viña participando nos últimos anos na actividade de Movemento Salceda e que agora dá o salto á política activa con ese terceiro posto que garante a súa entrada no Concello. O resto da candidatura será presentada proximamente pola agrupación, que traballa xa no acto de "posta de largo" da súa lista.

Para a selección de persoas candidatas, dende Movemento Salceda tívose en conta a representatividade tanto por razóns de sexo, como de idade ou de procedencia, dando co-



bertura ás sete parroquias de Salceda. Así, a proposta mistura

a xuventude coa experiencia, e abrangue multitude de cam-

pos grazas á extraordinaria formación das persoas eleixidas.

Por Guillermo Rodríguez

Marcos Besada, alcalde e candidato polo Movemento Salceda á alcaldía de Salceda de Caselas

## “En Movemento Salceda temos ideas claras, proxectos definidos e persoas preparadas para levalos a cabo”

Marcos Besada, 44 anos, natural de Entenza. Alcalde-Presidente do Concello de Salceda de Caselas dende o ano 2007. Membro do Comité Directivo de Augas do Louro. Membro do Comité Directivo do Grupo de desenvolvemento rural

GDR Condado Paradanta. Membro do Consello Federal da FEGAMP, á que represento na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Secretario da Asamblea Xeral da Asociación Europea de Cooperación Transfronteiriza AECT-Río Minho

**-Vde. levaxa un tempo importante en política. Que cambiou a nivel “operativo” dende a súa chegada ao goberno a hoxe?**

Salceda iniciou hai 12 anos unha nova etapa para o seu futuro. Ao longo destes anos demostramos que temos un proxecto claro de cambio e transformación para o noso Concello e capacidade para facelo posible.

Apostamos dende aquela por un Concello onde todas as persoas contan igual e a autoridades e demostra en feitos.

E fixémoslo apostando por tres principios claros: o traballo constante, a negociación honesta e responsable e o diálogo permanente cos nosos vecinos e veciñas.

A verdade é que é moi ilusionante experimentar ese cambio e transformación: ilusionante que os vecinos e veciñas de Salceda digan que Salceda mudou, que Salceda agora está diferente.

O 26 de maio temos unha cita co futuro: en Movemento Salceda temos as ideas claras, os proxectos definitivos e o equipo de persoas capacitadas para seguir traballando polo

noso Concello.

Queremos e podemos facer máis por Salceda.

**-Nos últimos tempos non dispuxo de maioría de apoios para gobernar con certa tranquilidade. Que atrancos importantes tivo no seu labor de goberno que lle impediron sacar adiante cousas importantes?**

Na política, como na vida: hai xente que arregla e hai xente que castiga: persoas que destrúen e persoas que conxugan o verbo construír.

As persoas castigadoras ou destructivas non buscan mellorar as cousas, senon atopar a quen culpar e escarmentar polos supostos males que perciben só eles/elas.

A persoas que nos gusta construír fixamos a ollada nos problemas e traballamos para buscar formas de resolvelos.

O Partido Popular e o PSOE en Salceda uniron as súas forzas durante todo o mandato en destruír: unha “pinza” incomprendible que só tivo como obxectivo dañar os intereses dos vecinos e veciñas de Salceda.

O bloqueo ao PXOM e a modificación do espazo empresarial do Cerquido provocan que

Salceda perda oportunidades durante anos.

O mais indecente é impedir que os/as provedores/as do Concello cobren polo traballo realizado.

Claro que é precisamente nas tempestades onde se mide a capacidade da tripulación: Demostramos que a pesar dos atrancos de todo tipo, Salceda conta cun goberno serio e responsable que soluciona os problemas e defende os intereses de todos e todas.

**-Que proxectos lle teñen causado máis satisfacción dos conseguidos e cales son os que ten no horizonte e pretende realizar nos vindeiros anos de seguir sendo alcalde?**

Levamos 12 anos traballando arreo no Proxecto de Cambio e transformación da Salceda que soñamos entre todos e todas.

Avanzamos moito, pero temos que avanzar máis. Porque en Movemento Salceda queremos e podemos facer máis por Salceda.

Os servizos públicos indispensables están executados ou en marcha: A obra que considero fundamental nestes anos foi garantir o abastecemento



de auga dende o encoro de Eiras a mais da metade dos vecinos e veciñas de Salceda, coa conexión á Rede de distribución dende o Porriño, e cun investimento de máis de 2 millóns de euros.

Multiplicamos a rede de saneamento con máis de dous millóns de euros nesta lexislatura, o novo centro de saúde está en marcha e a ampliación do CEP Altamira é unha realidade.

Ampliamos máis de 9 quilómetros a nosa rede de sendas fluviais, e coas humanizacións das rúas e creación de novas prazas (Coruña, Tilve, Compostela, Gándara, A Devesa, Mártires de Sobredo) convertimos a vila nun lugar pensado para as persoas.

Os obxectivos principais para un novo mandato:

Avanzar na humanización integral da vila, executando novos proxectos xa planificados, como as Rúas Joaquín

Fernández Sestelo e Victoriano Pérez Vidal e tamén reordenar os enlaces principais da vila coa PO-510 na Lagoela e na Gándara, xa plantexados á Xunta de Galicia.

Completar a rede de sendas fluviais, e construír sendas peonís e ciclistas nas nosas estradas, co obxectivo de mellorar a seguridade e a accesibilidade.

Nas políticas de igualdade, o obxectivo é construír unha segunda escola infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos e a creación dunha ludoteca municipal nas escolas en desuso nas parroquias.

No campo do deporte o obxectivo é ampliar o espazo no campo do Penedo Redondo, e executar céspede artificial no Campo da Gándara: estes proxectos xa están definidos.

E tamén mellorar as instalacións do CDL O Torrón para seguir avanzando nas políticas de emprego e formación: Unha prioridade para nós.



## LOURIÑA

## O goberno de Salceda recorre á Xustiza para invalidar o voto dun concelleiro do PP

**O edil votou en contra do nomeamento dun tesoureiro habitado para non prexudicar ao seu irmán, un administrativo que ocupa a praza de forma interina**

O goberno de Salceda de Caselas acordou onte iniciar acción xudiciais para invalidar o voto dun concelleiro do Partido Popular, na oposición municipal, e poder sacar adiante o a creación da praza por concurso de Tesoureiro habilitado nacional tal e como establece o Real Decreto 128/2018 de 16 de Marzo de 2018.

Durante unha sesión plenaria celebrada o pasado luns, o edil Joaquín Núñez, que ademais se presenta á reelección como número dous do Partido Popular en Salceda, protagonizou un feito, que desde o goberno municipal, considérase insólito na democracia: Votou en contra de nomear un te-

soureiro habitado para non prexudicar ao seu irmán e fíxoo a pesar de varios informes técnicos, entre eles o da secretaría municipal, que consideraban que debía absterse.

O seu voto en contra, en concurso co resto da oposición, fíxose para evitar que o seu irmán deixase de exercer o control como xefe do departamento de tesourería e tivese que volver realizar traballos de administrativo. O seu nomeamento como tesoureiro producírase en pleno, cando gobernaba o Partido Popular na localidade.

O goberno de Salceda puxo en marcha o nomeamento do novo tesoureiro para cumprir a lei e porque o departamento esta colapsado e necesita máis persoal, como o propio tesoureiro actual recoñeceu nos escritos enviados á concelleira de persoal.

Debido á maioría tan axustada do goberno, de Movemento Salceda, o voto de Joaquín Núñez, incumprindo a Lei que lle

obrigaba a absterse porque o asunto estaba relacionado cun familiar en segundo grao, era decisivo en contra xa que a súa abstención, como debería terse producido, propiciaría que o asunto saíse adiante.

Agora o goberno local recorrerá á Xustiza para que o voto do edil sexa invalidado e por tanto o acordo de nomear o tesoureiro habilitado nacional, sexa firme.

Aínda que durante anos o administrativo realizou a súa función no Concello sen tensións co goberno local, nos últimos meses déronse algunhas dilación sin xustificar en trámites que o tesoureiro interino achacou a falta de persoal entre outras cuestións, pero desde o goberno local vincúlase a un posible malestar do traballador coa decisión do Tribunal de Contas de esixir a este e outro funcionario, tamén irmán do concelleiro do PP, por ter que devolver distintas cantidades cobradas indebidamente.

## Novas actuacións con financiación da Deputación na comarca de Vigo

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar, mediante resolucións presidenciais, catro novos investimentos para os concellos de Gondomar, Mos, Redondela e O Porriño, ao abeiro da Liña 1 do Plan Concellos 2019, por un total de 131.952,15 euros.

Máis polo miúdo, destinaranse 47.578,93 euros para obras de mellora da pavimentación e saneamento en camiños municipais, no barrio da Fonte, en Peitei-

ros-Gondomar. Un total de 48.333,45 euros serán para un proxecto de edificación deportiva, destinada a ximnasio, no campo de fútbol de Coto Torrón, en Mos. Para o concello de Redondela achegaranse 24.349,77 euros que servirán para o acondicionamento e mellora do camiño do Tanque, en Cesantes. Pola súa banda, o concello do Porriño vai recibir un total de 11.690 euros para o subministro de maquinaria de viais e obras.

## Reunión da comisión de seguemento contra a violencia de xénero



A Mesa de Coordinación contra a Violencia de Xénero reuniuse hoxe na casa consistorial de Porriño coa asistencia de responsables da Subdelegación do Goberno, da Garda Civil, da Policía Local e do Centro de Información á Muller e Servizos Sociais do Concello de Porriño. A alcaldesa, Eva García de la Torre e Lourdes Moure, concelleira de Seguridade presidiron a reunión de traballo que tratou diversas medidas de coordinación entre estas institucións e as forzas e corpos de seguridade. Así mesmo revisáronse as últimas cifras sobre denuncias, ordes de protección de víc-

timas e de afastamento de agresores. Porriño é un dos once concellos da provincia de Pontevedra que está integrado no Sistema de Seguemento Integral da Violencia de Xénero (VIOGEN) para a prevención de situacións de risco e protección das vítimas. Precisamente os representantes do Concello informaron ós restantes asistentes das actividades formativas que se desenrolarán ó longo do mes de maio nos diversos eidos da seguridade feminina e protección xurídica e tratamento das vítimas e protocolos de actuación ó cargo dos profesionais que teñen que atenderlas

## O BNG pedirá explicacións polas obras da rotonda de Pontenova e outras

A xunta local de Goberno acordou a instancia da Alcaldesa desistir da licitación da obra "Construción de rotonda e beirarrua no camiño de conexión entre A Pontenova e o torreiro da Guía". Obra que fora solicitada polo goberno municipal, con cargo ó Plan Concellos da Deputación de Pontevedra e que estaba e fase de presetación de ofertas previa a súa licitación. Consta no expediente a dotación orzamentaria, por un importe de 463.007,15€ e os informes favorábeis tanto de intervención como do servizo de urbanismo.

Dende o Bloque Nacionalista galego consideramos que este tipo de decisión de renunciar aos proxectos presentados ao Plan Concellos, previamente tamén renunciou o goberno a obra de humanización da Avda. de Galicia por un importe de 604.000€, é unha clara mostra da falla de proxecto político e planificación do goberno municipal.

Na resolución do acordo de renuncia da obra "Construción de rotonda e beirarrua no camiño de conexión entre A Pontenova e o torreiro da Guía" non se recolle ningunha motivación que xustifique tal

renuncia.

A construción da rotonda da Pontenova fora unha proposta feita polo BNG aos orzamentos municipais do 2018 e ampliada na solicitude a deputación coa urbanización do camiño da Guía. Está é unha vella demanda dos veciños e veciñas da parroquia de Atios na procura de mellorar a comunicación e a seguridade viaria no cruce da Pontenova.

O BNG ve inxustificable esta decisión e pedirá a Eva García De La Torre explicacións pola renuncia da obra e solicitará que se manteña a licitación da obra.



## O IES Terra de Turonio mostra a súa actividade ao público

Despois do éxito acadado por ExpoTuronio en 2019, o IES Terra de Turonio de Gondomar celebrou a segunda edición da feira este martes 30 de abril nas instalacións do centro educativo.

“Contaxiar a felicidade é o que realmente importa” foi o lema escollido para esta nova edición na que a feira mostrou toda as actividades e proxectos que se desenvolven no centro en cada ámbito do coñecemento.

En Radio Turonio foron entrevistados diferentes convidados que asistiron á feira. Abría a programación a experta en permacultura Edite Uhía quen explicou como contribuír ao desenvolvemento sostible. A bióloga da Universidade de Vigo do departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, Rosa Rojas, falou sobre os problemas que está a causar a abella velutina. O exalumno, Ezequiel Salgueiro, piloto de rallies foi un dos atractivos nos estudos de radio. O atleta Francisco

Álvarez especialista en salto de altura tamén relatou os seus logros durante a súa carreira deportiva. Fatima Granja achegou a realidade do teatro afeccionado en Gondomar. Unha visita que espertou a atención foi a de Sabela Brito, nai dunha alumna do centro e de Salsburgo (Austria) e que leva 15 anos en Gondomar. Sabela contou como na súa casa emprega o alemán e o galego. Dixo que fala habitualmente en galego porque é a lingua que emprega cos fillos.



Os stands dos diferentes ámbitos do coñecemento dispersáronse por todo o recinto interior e exterior do centro con actividades deportivas como o rocódromo, gastronómicas como un posto de froita fresca, científicas con microscopios instalados no exterior

e tamén cun posto sobre o mundo das abellas.

O IES Terra de Turonio é ún dos institutos de Gondomar no que ademais dos estudos da ESO impártese o Ciclo Profesional de Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural.

## Mozos e mozas de Oia, protagonistas dun videoclip contra o acoso escolar

Mozos e mozas de Oia protagonizan o videoclip da canción “You’re not Alone”, no que se aborda a problemática do bullying. Este vídeo musical, de recente lanzamento, é o resultado da colaboración dos DJs e produtores baioneses Ludwig Van Brothers en e a cantante Annie Rose.

A canción quere enviar a mensaxe de que, ante calquera dificultade debemos seguir a nosa forza interior,

porque non estamos sos. Partindo desta reflexión, o videoclip céntrase na problemática do acoso escolar e ten como protagonistas a un mozo e a unha moza de diferentes idades.

Realizado e producido por Samaín Producións, o audiovisual é froito de varias sesións de gravación desenvolvidas durante o pasado mes de marzo en diversos puntos de Oia e Baiona. Entre as localizacións escollidas para a


rodaxe destaca o CEIP Mestre Manuel García (situado na parroquia de Santa María de Oia), así como puntos da costa de ambos concellos.

### “Non estás só/soa”

Cun estilo musical electro house de festival, o tema “You’re not Alone” (non estás só/soa) xorde da colaboración de Ludwig Van Brothers e a cantante Annie Rose, quen tamén é responsable da letra.



O videoclip foi lanzado o día 19 en plataformas dixitais.



## VAL MIÑOR

Antonio Araujo, Candidato por Manifesto Miñor a alcaldía de Gondomar

## “Fomos expulsados do Goberno local por incómodos”

Nacín en 1959, é dicir, vou facer 60 anos o vindeiro 13 xuño. Son delineante industrial de profesión, aínda que levo uns anos adicado á agricultura ecolóxica.

O meu activismo: levo dende os 17 anos militando acti-

vamente no campo do nacionalismo galego, fun alcalde do BNG en Gondomar, e participei en centos de loitas sociais que van dende o pacifismo (contra a OTAN, a mili, etc) ata o ecoloxismo, veciñal, etc...

**1.- A vosa saída do goberno municipal de Gondomar foi un chisco traumática. Pasado o tempo como valoras a imposibilidade de manter un goberno, primeiro de tres (PSOE- MM-CABE) e despois de dous (PSOE-MM)?**

En primeiro lugar convén aclarar que nós non saímos do goberno, senón que fomos expulsados del polo alcalde Paco Ferreira despois de acordalo nunha asemblea local PSOE, por certo, inzada de afiliados e activistas do PP como se pode ver na foto publicada pola Voz de Galicia o 21/10/2018. Unha vergoña para os socialistas honestos de Gondomar que non daban crédito. Sobre a imposibilidade de manter o goberno a tres, dicir que CABE abandonou o goberno sete meses despois de entrar por vontade propia e explicando as súas razóns que nós respectamos. No caso de Manifesto Miñor, a imposibilidade de manter o goberno de coalición veu dada pola in-

capacidade para o diálogo e para establecer consensos do Alcalde, que nun cálculo curtopracista e electoralista pensou antes nos seus réditos electorais que en manter unido un goberno de esquerdas e galeguista como ordenaron as urnas (o PSOE-4 postos e MM-3) nas eleccións de 2015. Os motivos desta expulsión hai que buscalos nos pactos PP-PSOE para privatizar a recollida dos RSU, e na intención do Alcalde de “vender” como seu todo o traballo e as xestións feitas polas concellarías de Manifesto Miñor.

**2.- Estas satisfeito do traballo de MM nestes anos no goberno municipal de Gondomar? Que proxectos ficaron sen rematar?**

Malia todos os paus nas rodas e atrancos que Paco Ferreira lle puxo ás nosas áreas para impedir ou atrasar os nosos proxectos, o resultado do noso traballo é positivo. Os nosos logros están á vista e sobre todo están ao

servizo da cidadanía que xa fai uso deles, e sobre todo, pola súa compoñente de transformación social. Triplicouse, e sobre todo optimizáronse, os recursos en Benestar Social, puxemos a Gondomar a vangarda da implantación da Administración Electrónica, púxose en valor e coñecemento a inmensa riqueza patrimonial de Gondomar, tamén aproveitando, as novas tecnoloxías, atención e aposta, como nunca antes houbo, polo comercio local. O urbanismo abriuse á participación veciñal e social, explicándoo polas parroquias e recollendo centos de suxestións para incorporar no novo PXOM. Delimitáronse novos núcleos rurais que resolveron situacións urbanísticas moi complexas, e déronse máis de 100 licenzas de obra. Criouse un voluntariado medioambiental e púxose en marcha, con excelentes resultados, a compostaxe urbana. Quedou pendente de aprobación definitiva o Regulamento de Participación Cidadá,



pois o PSOE non cre na democracia participativa, e a probación inicial do novo PXOM foi paralizada polo Alcalde por non lle dar a baza política a Manifesto Miñor.

**3.- Ante tanta variedade de opcións electorais e o previsíbel fraccionamento do voto. Será de coalición o próximo goberno municipal.**

Os gobernos de coalición, é dicir, a cidadanía representada na súa diversidade política, viñeron para quedar, e canto antes o entenda o PSOE, mellor para todos. Para MM isto non é ningún problema, ao contrario, vai no noso ADN. O futuro é plural ou non será.....en Gondomar, en Galiza, no Estado. E isto é bo.

Antonio Espinar. Candidato por Manifesto Miñor a alcaldía de Baiona

## “Temos que abriro Concello, facelo máis participativo”

Nano Espinar é desas persoas que ademais da súa actividade laboral como responsable de mantemento dunha empresa de telecomunicacións (Tv, radio e telefonía) de Galicia, tamén se implica como membro do comité de empresa de ALTEL polo sindicato ESK.

Militou en Anova Baiona e foi membro fundador de Ma-

nifesto Miñor no 2014. Colabora con asociacións animalistas e ecoloxistas do Val Miñor.

Agora o corpo pidelle máis e vendo como está de esfarelada a política no Val Miñor decide dar un paso máis e implicarse de cheo ofertando aos seus veciños honestidade e traballo arreo.

**Cal é a razón que levou a Manifesto Miñor a presentar candidatura en Baiona, por primeira vez?**

Temos a necesidade de abrir o Concello, de facelo mais participativo, e de dar solución aos problemas diarios da veciñanza. As políticas do PP en Baiona están esquecendo á mocidade, agredindo ás mulleres e aos que nos sentimos feministas. O desgobierno destes anos é absoluto.

**Cómo son as relacións entre Mani-**

**festos Miñor con En Marea?**

Excelentes, a sintonía é absoluta. O traballo de Luís Villares ao fronte de En Marea é sen dúbida algunha, unha das grandes esperanzas políticas para Galicia. **Sinala tres necesidades urxentes de Baiona?**

EMPREGO, programas activos de apoio e formación para a mocidade, cun plan de retorno das persoas emigradas.

Mobilidade-transporte: eliminación das peaxes na autoestrada, conexión

coa UVIGO e interconexión no Val Miñor

Medio Ambiente, recuperación da FOZ. Sustentabilidade, respecto polo noso mar e o noso monte.

**Ante a variedade de ofertas electorais e o previsíbel fraccionamento do voto, como coidas que se poderá resolver o goberno municipal. Estária MM-EM disposto a participar nun goberno de coalición. Baixo que condicións?**

Certamente é prematura realizar



unha análise pos 26 de maio. MM-EM ven con vocación de goberno e servizo aos veciños e veciñas de Baiona, desde un posicionamento de esquerda, radicalmente democrático e con Galicia no centro das nosas políticas. O escenario posterior as eleccións será analizado pola nosa asemblea e ela será a que tome as decisións posteriores ao 26 de maio.



Jesús Recouso. Candidato por Manifesto Miñor a alcaldía de Nigrán

## “O problema máis importante é o transporte interno e cara ao exterior”

*Jesús Recouso podíamos dicir que é unha persoa multifacética. No seu curriculum aparecen as múltiples actividades que ten realizado e as que aínda segue realizando. Diríamos que Recouso podería ser un Alcalde que tivera a posibilidade de ser el mesmo quen asesorase a cidadáns sobre como deben enfrontarse aos problemas de emprego e de xeración de empresas.*

*Dende os seus estudos de Administración de Empresas*

*aos que ten sumado cursos de marketing, de xestión, etc., ben poidera servir de guía de novos empresarios que pretenden abrirse paso na vida. Recouso é un home inqueda; non se conforma co mínimo, vai ao máximo; así tanto pode adestrar a nenos de asperger como aplicar a súa creatividade na cociña dun importante restaurante da Vila. Como ben di o refrán, “como foi cociñeiro antes que fraile, por iso sabe o que se fai na cociña”*



### -Sodes unha candidatura na maioría de xente nova. Por qué?

Consideramos que é preciso un cambio de punto de vista. Estamos cansos de ver as mesmas caras nos concellos, ver como as medidas que se toman non van máis aló da maquillaxe e creemos que é o momento de dar o relevo, de rachar co taboleiro e ofrecer unha perspectiva diferente para dar solución aos grandes problemas que afectan tanto a nós, como aos nosos pais e avós.

**-E partindo deses diferentes puntos de vista, cales considerades que son os tres principais problemas de Nigrán.**

Primeiro hai que entender que Nigrán non é unha illa, é parte dunha comarca diferenciada cunhas vantaxes e problemas comúns. E polo tanto precisan de solucións comúns. O problema máis importante é o transporte interno e cara o exterior. No século XXI non temos acceso a unha Universidade que está máis preto da nosa casa que do centro de Vigo, os nosos avós non teñen transporte público regular ao centro de saúde e ter coche propio é imprescindible. Por outra banda, temos un serio problema coa contaminación dos ríos Miñor e Muños, e polo tanto das nosas praias e zonas de marisqueo. Isto non se vai solucionar dende Nigrán,

pero sí en conxunto con Gondomar e Baiona. E por último son os servizos e mantemento interior das parroquias afastadas dos "grandes" núcleos. Non é posible que a día de hoxe un colexio público, como o de Camos, non teña auga da traída.

A taxa de xente nova que emigra ao estranxeiro é cada ano maior, e iso sen contar a que se despraza a outras zonas do Estado. Temos que cambiar esta realidade. A xente nova quere unha alternativa de vida atractiva, que nos permita a mobilidade, pero vivir preto dos nosos maiores.

**-Cómo pensades pois que podeis cambiar esta realidade?**

Partindo da cooperación e non da confrontación. Entendemos que é o que requiren os tempos. Os tres concellos da comarca teñen que colaborar na resolución dos problemas da depuradora de Donas, os tres concellos teñen que crear unha rede de transporte que nos comunique entre nós, con Vigo e coa Universidade. Os tres concellos temos que ofrecer unha alternativa industrial innovadora baseada nas instalacións de Porto do Molle e A Pasaxe. Hai zonas que o teñen moito máis difícil, nós temos condicións para crear futuro, o que falta é esa nova perspectiva en clave construtiva e cooperativa para levalo a cabo.

## Carlos Gómez presenta a súa lista para construír “a Baiona que nos merecemos”

Carlos Gómez presentou este 1º de maio, Día dos Traballadores, a candidatura que o acompañará o próximo 26 de maio. “Non imos prometer máis que traballo, traballo, traballo e traballo”, asegurou o candidato á alcaldía de Baiona.

En total son 20 mulleres e

homes nunha lista que Gómez cualificou de excelente para representar os intereses da veciñanza de Baiona e conseguir “o cambio que necesita”. O socialista defendeu “un proxecto inclusivo” para que Baiona nos próximos catro anos “se converta nun concello do século XXI”.

Carmela Silva quixo acompañar ao candidato á alcaldía neste día tan significado. Silva denunciou a mala praxe do PP de Baiona, que está a repartir un “panfleto” no que presume dos investimentos feitos na parroquia: “Recollen obras que están financiadas pola Deputación de Pontevedra”, infor-



mación que non especifican en ningún momento, sinalou Silva. En total, oito actuacións das

11 que aparecen no folleto recibiron fondos provinciais. “Que non enganen á xente!”

## Presentación do PSOE en Gondomar

Ovenres 3 de maio no Auditorio Lois Tobio os socialistas de Gondomar presentaron a súa candidatura as eleccións municipais do 26 de maio, encabezada polo actual alcalde Paco Ferreira.

Na lista síguenlle por este orden Nuria Lameira, Iria Lamas, Josemanuel Chamorro, Juan Rodríguez Bas, Rocío Goberna, Araceli Regueiro, Brais Misa, Jose Luis Alonso, Alfonso Misa e Diana González.



## BAIXO MIÑO

# Máis de 500 persoas participarán no VI Desafío Terras de Turonio, a gran cita do ciclismo de montaña por parellas

**A proba celebrárase o sábado 4 de maio e terá dous percorridos, un de 60 e outro de 103 km. A saída, ás 09.00 h da Praza do Seixo**

A sexta edición do Desafío Terras de Turonio chegará ao centro de Tomiño o vindeiro sábado 4 de maio con récord de inscrites: un total de 516 persoas de distintos puntos de España e Portugal participarán na gran cita do ciclismo de montaña de longa distancia por parellas.

Organizado pola firma Team

Relay en colaboración co Concello de Tomiño, o obxectivo desta proba é "pasalo ben, desfrutar do día e das maravillosas paisaxes que imos atopar durante todo o percorrido". A carreira tamén conta co patrocinio de Powerade, Xtrembike e Bodegas Altos de Torona.

O punto neuráxico da organización estará situado na Praza do Seixo, punto de saída e meta e onde se colocará a zona de comida, de masaxes ou de entrega de premios, entre outras. Os ciclistas saíran do corazón de Tomiño para enfrontarase a un percorrido que os levará pola serra da



Groba ou Chan da Lagoa, con picos de importantes desniveis e puntos de dificultade 5, como a subida Canteras ou o tramo 'Camiño de Cabalos'.

A saída será ás 09.00 horas e a duración da proba variará dependendo dos participantes, aínda que a media de duración son seis horas. Para facer que

os participantes poidan desfrutar da proba sen contratempos habilitaranse diversos puntos de avituallamento.

O Concello avisa de que durante todo o día, de 07.00 a 18.00 h, a rúa A Guarda permanecerá pechada ao tráfico para o correcto desenvolvemento da proba.

## A deputación financia novas actuacións no Baixo Miño

A Deputación de Pontevedra aprobou, mediante resolucións presidenciais, novos investimentos para os concellos do Rosal, A Guarda e Tomiño ao abeiro da Liña 1 do Plan Concellos 2019.

No Rosal destinaranse 6.371,42 euros para a adquisición de xogos infantís para o parque de Martín e outros 3.048,84 euros para a sinalización de acceso e a colocación de audioguías na estrada aos Muíños do Folón.

Tamén se destinarán 18.075,89 euros ao concello da Guarda para a adquisición de contedores de lixo e outros 35.095,22 euros para a reparación do edificio "Unión do Porvenir" en Tomiño.

## Carme Núñez tacha de "propaganda electoral" o anuncio do PP de abordar a recuperación do casco histórico de Tui

Carme Núñez, portavoz municipal do BNG en Tui, califica de burda propaganda electoral o anuncio do PP de abordar no seu programa a recuperación do centro histórico apoiándose no programa Rexurde da Xunta de Galiza para a compra e restauración de edificios en zonas históricas.

Na propia noticia en prensa son dous dos varios candidatos da dereita tudense

os que aparecen apropiándose da idea, facendo campaña electoral a poucas semanas das eleccións a costa dun tema fundamental para a veciñanza tudense.

"O que debera de explicar o PP de Tui en nota de prensa, con maioría absoluta, tanto no concello de Tui, coma na Xunta, ou no seu momento no Congreso, é por que non fixo nada para evitar o deterioro do conxunto monumental.

Máis ben todo o contrario, permitiu e fomentou o seu abandono. Tempo tivo en preocuparse por recuperalo poidendo conseguir axudas de gobernos "amigos" e non o fixo.", apuntou Núñez.

"En canto ao señor Padín, xa sabemos que se apunta a calqueira "bombardeo" con tal de ser protagonista e de saír na foto. Mais non hai ego que poida tapar o feito de non ter concelleira de urba-

nismo nun concello como o de Tui que precisa tanto o seu traballo neste departamento", salientou a portavoz municipal do BNG.

Tivemos que ser nós, durante o o goberno municipal anterior, desde a concellería de patrimonio, as que rescatamos e comezamos a por en valor o conxunto histórico tudense ante a ineptitude de sucesivos gobernos do PP.

## Reaberta a zona cero de Paramos

O Concello de Tui ten concedido xa 9 licenzas de obra maior para a reconstrución de vivendas na zona cero de Paramos e outras 12 solicitudes están agora en tramitación. Así o avanzou o alcalde, Carlos Vázquez Padín, na propia zona cero de Paramos, onde foron retirados os valados tras completar hai unhas semanas os labores de desentullo. Alí compareceu ante os medios de comunicación xunto ao concelleiro de Seguridade, Antonio Castro, e os arquitectos Pablo Rivas e Juanma Rodríguez. Carlos Vázquez Padín sinalou que "a zona ábrese por-

que xa non hai motivos para mantela pecha e para facilitar o movemento de vehículos e das empresas construtoras que van traballar na reconstrución".

Explicou o alcalde que a limpeza de toda a zona, coa retirada do entullo e do material contaminante coma amianto, foi "un paso necesario e imprescindible" para que se poida iniciar a reconstrución da zona. Decía que case un ano despois "comeza a verse a luz ao final do túnel".

No pleno ordinario de abril a corporación aprobou por unanimidade unha partida de 857 mil euros, con cargo

ao Fondo de Emerxencia, así coma bases reguladoras, para a concesión de axudas ao propietarios de vivendas na zona cero, e coa achega municipal poder completar o investimento preciso para que poidan reconstruír as súas casas. Por outra parte os arquitectos da Deputación, que traballan no Centro de Afectados en Paramos, están a ultimar o proxecto de urbanización e reposición de servizos que se tramita a través do programa Deporemse da Deputación de Pontevedra. O seguinte paso será a súa licitación e execución, xa que deberá estar concluído antes



de xuño de 2020.

Tamén avanzou o alcalde que o Concello de Tui tentará personarse novamente na causa, e así no seu día poder reclamar o millón de euros que habilitou para Paramos.



## TOMIÑO

## O Concello cede o uso da radio online “Mocidade” ao IES Antón Alonso Ríos

O Concello de Tomiño cedeu o uso da estación “Radio Mocidade” ao Instituto de Educación Secundaria IES Antón Alonso Ríos, da localidade. Trátase dunha estación apta para emitir en streaming a través de Internet. O convenio de cesión de uso foi asinado pola directora do instituto, Margarita Sáenz e a alcaldesa Sandra González.

Segundo o acordo de cesión de uso de bens, o instituto dispón de instalación e persoal adecuados para aloxar e utilizar os equipos de emisión (de propiedade municipal) coma recurso educativo para o alumnado do centro.

Deste xeito, “o Concello entrega gratuitamente os bens que conforman a estación de radio para emisión por Internet, conservando a



súa titularidade, ao Instituto Antón Alonso Ríos de Tomiño para o seu uso como recurso educativo do centro, sen prexuízo daqueles outros usos que o Concello poida reservar e que resulten compatibles coa presente cesión”.

A cesión de uso terá unha duración de cinco anos, e poderá prorrogarse por acordo das partes, podendo en todo caso ser revisada cando con-

corra a vontade de ambas ou dunha das partes, ou cando varíen as circunstancias de orixe do acordo.

A directora do IES agradeceu a cesión de uso e informou que o resto do curso lectivo adicarase a formar ao alumnado que queira participar na emisora e a programar o funcionamento da mesma, previsto para a volta das vacacións de verán.

## Alumnado de Xeografía e Historia das universidades de Santiago e Minho visitan a Eurocidade

A Eurocidade Cerveira-Tomiño esperta o interese do estudiantado de Xeografía e Historia. Arredor de 70 alumnos e alumnas e seis docentes das universidades de Santiago de Compostela e Minho (Braga) visitaron Tomiño para coñecer de primeira man os pormenores deste proxecto das dúas beiras do Miño, con especial fincapé nos orzamentos participativos por ser “unha experiencia pioneira a nivel transfronteirizo”.

Técnicos de Cerveira e Tomiño foron os encargados de presentarlles no auditorio de Goián a creación e desenvolvemento da Eurocidade, repasando os seus principais obxectivos e actividades: a gobernanza e participación

cidadá, o aumento da cohesión social e da calidade de vida pola xestión conxunta de servizos públicos compartidos entre ambos dous concellos e a dinamización económica da contorna, con maior aproximación entre as condicións sociais e económicas das dúas beiras do Miño e con novas oportunidades de negocio e emprego.

Interesados na ordenación do territorio transfronteirizo, os e as visitantes participaron nun coloquio tras a presentación do proxecto no que se interesaron, ademais de polo OPT, pola futura ponte peonil e polo Parque da Amizade.



De feito, o alumnado aproveitou esta súa visita práctica a Tomiño para coñecer distintas experiencias e para percorrer tamén os terreos nos que se asentará o futuro parque na fortaleza de Goián.

A saída de campo completouse coa visita á sede da Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Río Miño) en Valença ou ás Gándaras de Budiño.

## Recibimento no Concello á fotógrafa Pily Reñones, nominada aos premios Goya de fotografía



A fotógrafa tomiñesa Pily Reñones foi recibida no Salón de Plenos, polo equipo de goberno de Tomiño, presidido pola alcaldesa Sandra González. Deste xeito, o equipo de goberno quixo ter un xesto de recoñecemento á fotógrafa, recentemente nomeada aos premios Goya de fotografía (que concede a Asociación de fotógrafos profesionais de Zaragoza), pola súa instantánea “Holanda”, na que retrata a unha ancián de Ríos (Ourense).

Nun acto emotivo e íntimo, Reñones, acompañada por fa-

miliares e amigos, agasalhou ao Concello cunha copia enmarcada da súa fotografía nomeada. A alcaldesa, pola súa banda, fixo entrega á artista dunha peza de Sargadelos coa figura de Rosalía de Castro.

Pily Reñones expresouse longamente e moi emocionada para agradecer o recoñecemento do Concello, familiares, amigos e compañeiros de traballo, e para, a continuación, explicar a súa traxectoria profesional, que comezou cando era unha nena de apenas seis anos, co apoio incondicional dos seus pais.

## Tomiño conta xa con 500 puntos de luz led, que producen un aforro do 70 por cento

O Concello de Tomiño continúa executando o proxecto de eficiencia e aforro enerxético asumido ao principio da lexislatura, co fin de aforrar un 70 por cento do consumo eléctrico habitual e respectar ademais o medio ambiente.

Dito proxecto, implicou o cambio e reposición de equipamentos (cadros eléctricos, postes, cables, etc.) e lámpadas de luz led, en numerosos barrios de diferentes parroquias



(Pousadela, Rotea Vella, Cristelos, entrada á estrada de Tebra, Barro, todo Pinzás e Vilachán do Monte, etc.), cun investimento nos últimos catro anos de máis de 100.000 euros na substitución de 500 puntos de luz led e na reposición de equipamentos varios.

## BAIXO MIÑO

## A GUARDA

## Antonio Lomba defende unha actuación definitiva no litoral da Lamiña na CPIRM

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, asistiu o pasado martes día 16 de abril á CPIRM Comisión Permanente Internacional do Río Miño, que se reuniu en sesión ordinaria na Cámara Municipal de Caminha. Como é habitual, nesta comisión tratáronse temas referentes á explotación e conservación do Río Miño, neste caso abordouse a modificación do Regulamento de Pesca, de caza e unha nova proposta do Regulamento de Náutica e Recreo, entre outros temas.

Algunhas das cuestións tratadas remitíranse á Comisión Internacional de Límites entre España e Portugal, que se celebrará o vindeiro 24 de abril. Esta comisión é un órgano colexiado do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.



Por parte do Alcalde da Guarda se puxo en coñecemento do CPIRM o problema de erosión do litoral que se está producindo na praia da Lamiña e informou xunto co Xefe de Costas de Pontevedra das xestións realizadas ata o momento, incidindo sobre a consideración de emerxencia que ten o problema dende o punto de vista municipal. O Alcalde explicou tamén a postura do Concello en relación a futuras actuacións para a con-

solidación e rexeneración da praia, indicando que, por parte do Concello, a solución dun dique-escolleira, proposta polo CEDEX, sería a máis conveniente como solución definitiva a este problema puntual.

A Comisión decidiu trasladar a cuestión demandada polo alcalde á próxima Comisión de Límites, dado que dende o punto de vista da perda de territorio pode afectar a unha modificación da fronteira no caso de non actuar.

## O CEIP A Sangriña conta xa cun composteiro individual



Na mañá do venres 12 de abril persoal da Deputación de Pontevedra desprazouse ata o CEIP A Sangriña da Guarda para facer entrega dun COIN ou composteiro individual, actividade enmarcada no Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra.

Alumnos de 1º e 2º de primaria deste centro recibiron unha charla sobre o funcionamento deste composteiro, así coma as vantaxes da compostaxe, como aportar, funcións do estruturante, entre outras.

Ao remate da charla repartiuse entre o alumnado un sobre con compost.

## Inaugurada a Exposición de maquetas e figuras de Praxíteles González na Guarda

O 17 de abril celebrouse no Centro de Interpretación das Fortalezas, no Castelo de Santa Cruz, a Inauguración da Exposición que amosa o traballo do rosaleiro Praxíteles González.

Neste caso o Alcalde da Guarda e a Concelleira de Turismo participaron nesta inauguración na que se expoñen varias maquetas do artista rosaleiro, como Ponte do Tamuxe, Igrexa de Santa Mariña do Rosal, Muíño Serradoiro e dúas vivendas rosaleiras, todos este elementos do Rosal. Ade-

mais das maquetas das Catedrais de Santiago e Notre Dame. Completa esta exposición unha selección das máis de 40 esculturas realizadas polo artista.

Praxíteles, xa xubilado, dí que precisa de proxectos coma este para ter unha ilusión e coller con gañas cada novo día, entre as súas obras destacan varias maquetas, da Casa Indiana na que se atopa o Centro Cultural de A Guarda, da Igrexa Parroquial de Santa Mariña do Rosal ou tamén preto de 40 esculturas en barro

e outras realizadas con materiais de refugallo.

Praxíteles González ten realizado diversas exposicións dos seus traballos na Feira de San Gregorio de Pías, no Concello do Rosal ou no Centro Cultural da Guarda.

Ademais destas obras, Praxíteles é tamén escritor, con 5 libros as súas costas coma "Embajadores de los Infiernos" con tres edicións e que trata sobre a vida dos cabaqueiros; "Ribeiras do Baixo Miño" sobre os usos e costumes do Rosal; "Topónimos, a Terra das nosas



raíces" con máis de 900 topónimos da Guarda e do Rosal xunto cun mapa de toponimia; "Yo también fui contrabandista en el Estuario del Miño" sobre os tempos do estraperlo e o pisco na Comarca; e xa para finalizar o seu derradeiro libro

"Yo también estuve en la República Federal Alemana" que trata sobre a emigración entre os anos 1960 e 1980.

Horarios de visita: Xoves, Venres, sábado e domingo en horario de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h.



## A GUARDA

## 182 ciclistas déronse cita na -Baixo Miño Enduro Experience-

Os montes da Guarda e do Rosal acolleron o domingo día 7 de abril a primeira proba de Enduro da zona, a "Baixo Miño Enduro Experience", unha proba deportiva na que se combina a habilidade técnica do DH (Descenso) e a resistencia física do XC (Rally).

Durante o percorrido desta proba os participantes tiveron que superar desniveis considerables (ata 1200m de desnivel acumulado), alternando tramos de enlace con tramos cronometrados entre as localidades da Guarda e do Rosal, cun percorrido total duns 28km.

A "Baixo Miño Enduro Experience" é unha proba puntuable no Open de Galicia de Enduro coa particularidade de ter 5 tramos cronometrados cun percorrido que se realizou nun entorno idílico para a práctica da disciplina de Enduro, cunhas paisaxes espectaculares co río Miño, a Costa e o Porto da Guarda, os Castros de Santa Trega, o Rosal e os seus viñedos e a



desembocadura do Miño.

Os participantes saíron ás 8:30h dende a Alameda da Guarda para dirixirse ata o Monte Torroso, onde realizaron os primeiros catro tramos cronometrados, e desde o Monte Torroso os ciclistas desprazáronse ata o Monte Santa Trega, onde realizaron o tramo cronometrado final, rematando este na rúa de Circunvalación ao Monte Santa Trega e dirixíndose despois á Alameda da Guarda, onde

tivo lugar a entrega de premios.

Nesta I edición da Baixo Miño Enduro Experience os gañadores absolutos da proba foron, na categoría masculina Santos Lemos Ramírez, na categoría feminina Desiree Duarte Castro e na categoría de e-bikes Javier Vara Blanco. Destaca o terceiro posto do ciclista local Jonathan Sousa Araujo na categoría Élite, que o coloca líder na Copa de Galicia de Enduro.

## O concello da Guarda dotará ao Centro Cultural de iluminación ornamental



Dentro das actuacións de carácter estético de realce do noso patrimonio, como por exemplo o pintado do espigón ou a ronda de San Roque, o concello da Guarda adxudicou as obras de iluminación ornamental do Centro Cultural da vila, unha construción indiana que ben merece luminarias que destaquen a súa arquitectura nas horas nocturnas, actuando na fachada principal e fachada oeste, así como nas escaleiras de acceso e a zona axardinada da parte posterior.

Para o proxecto de iluminación ornamental do Centro Cultural da Guarda empregárase iluminación de tipo LED,

con temperaturas de cor entre 3000k e 4000k, cumprindo cun aforro enerxético optimizado e destacando áreas específicas deste emblemático edificio co obxectivo de atraer a mirada cara a zonas, detalles ou particularidades arquitectónicas interiores ou exteriores, engadir profundidade ou texturas e matizar o aspecto xeral deste edificio.

Esta iluminación contará cun sistema de programación horaria automatizado para poder controlar o acendido e apagado da mesma.

O financiamento desta actuación faise a través do plan concellos 2019 da Deputación de Pontevedra.



## Aberto o prazo para a Campaña de verán dos Campamentos da Xunta

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, oferta a programación de actividades da Campaña de Verán 2019, ofértanse 9834 prazas para mozas e mozos de 9 aos 30 anos en campamentos, campos de voluntariado, programas de intercambio con outras comunidades e actividades concertadas.

Poderán participar as mozas e mozos a partir dos 9 anos e ata os 30. Todos os campamentos están abertos a persoas con discapacidade, e ademais este colectivo ten unha convocatoria específica para persoas de entre 11 e 40 anos. Así mesmo, hai 100 prazas reservadas para menores de idade que están baixo o sistema de protección da Xunta e outras 52 para fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta nova campaña de ve-

rán incorpora tres campamentos: Aldea Perdida na Granxa Zoo de Grixalba, en Sobrado dos Monxes; outro sobre astronomía no albergue de San Xoán de Río, en Ourense; e un novo campamento tecnolóxico nas instalacións xuvenís de Gandarío titulado Adestrando o meu robot.

### Accións de voluntariado

Tamén se incrementa o número de campos de voluntariado, os que se coñecían ata este ano como campos de traballo, ata os 30 e con cinco propostas novas: A terra que habita no mar, no concello do Grove; outro de protección e recuperación das dunas de Corrubedo, en Ribeira; un terceiro de temática ambiental en Manzaneda; un campo en Ourense denominado Riós, una mar de castiñeiros; e por último, o primeiro campo de voluntariado intermunicipal que

leva por nome Vía Xacobeavía da prata e que se celebrará en Boqueixón e Vedra.

Requisitos: -Os/as nados/as no ano 2001 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento. -Os/as nados/as no ano 2010 deberán ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento. Ningún/ningunha participante poderá ser admitido/a en máis dun campamento por ano.

A adxudicación das prazas será por sorteo. As familias monoparentais con certificado terán un desconto do 50%. Os familias que teñan o título de numerosa terán un desconto do 50%. As persoas usuarias do Carné xove gozarán dun desconto do 25%

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 7 de maio, máis información na OMIX da Guarda ou na web de xuventude da Xunta.

## A Casa dos Alonsos da Guarda acolle unha exposición sobre o Desenvolvemento Sostible

Os municipios teñen un papel chave no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

fixados pola ONU co fin de erradicar a pobreza e as desigualdades no horizonte de 2030. O primeiro paso é dalos a coñecer, de aí que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ideara esta exposición na que cada ODS está representado por unha viñeta dunha autora ou autor de Galicia ou da África lusófona.

A exposición «Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Un camiño para acabar coa pobreza e as desigualdades alá e acolá» reúne un total de 17 viñetas, unha por cada ODS, de 15 debuxantes, tanto de Galicia coma de países afri-

canos da Lusofonía como son Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau.

A través da mostra preténdese fomentar a reflexión, a nivel local e global, sobre temas como a loita contra a fame, o acceso á saúde e á educación, a equidade de xénero ou a protección do planeta. Tamén se busca concienciar sobre as medidas que cadaquén pode tomar e/ou esixir ao respecto.

Así o Concello da Guarda convida a toda a cidadanía a visitar a exposición que estará na Casa dos Alonso a partires do 24 de abril en horario de 8:00h a 15:00h.



**o remendón**  
**CERRAJERO** 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61  
Salvaterra de Miño

637 764 865  
www.cerrajeroremendon.com

**o noso Eido**  


taberna

Expositores en Anguila e Lanzarote, Praia de Faro, Cascais e Póvoa, Resende e Ribeira de Iria.

RESERVAS: Ana 621 040 534 Coke 646 424 900  
Tlf: 986 620 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

**LA FLOR**  
floristas



Hortensia Rodríguez Martínez  
607 60 19 32 - 986 60 19 34  
info@floristerialaflortui.es  
www.floresterialaflortui.es  
Calvo Sotelo, 13 (Gal. Caracas) TUI

## Xornal galaico-portugués busca COMERCIAL para CONDADO E PARADANTA

Condições: soldo fixo + comisións. Imprescindible dispoñer de coche.

Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com